

NOTA DE PRENSA

5ª SEMANA MUNDIAL DA SEGURIDADE VIARIA - 6 AO 12 DE MAIO DE 2019

O Colexio de Psicoloxía reclama políticas preventivas para a promoción da seguridade viaria

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2019.- Desde o Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia unímonos ás accións que pretende a 5ª Semana Mundial da Seguridade Viaria na demanda dun maior liderado nesta cuestión e que se interveña nas actitudes e condutas relacionadas coa mobilidade.

O factor humano é imprescindible telo en conta en todas as políticas viarias que se deseñen, debe ser o foco de partida e o obxectivo de todas as decisións políticas da mobilidade. O primeiro e principal polo debe ser que a persoa condutora se autocontrole, posto que é o seu propio vehículo condutor e o seu propio corpo/cerebro o que vai desenvolver un comportamento eficiente no uso ou manexo das vías e dos medios de transporte. Sempre cómpre ter en conta o modelo conceptual dos tres factores de interacción: sociocultural, individual e psicolóxico.

Instamos políticas viarias en positivo, que sumen cultura viaria e permitan ás persoas conducirse como adultos responsables tamén no uso das vías e medios de transporte. As cifras mundiais de sinistralidade viaria seguen sendo demasiado avultadas, cunha persoa morta cada 23 segundos no mundo, o que debería abordarse a través de accións preventivas desde as administracións públicas.

Un modo é poñendo en práctica os tres pasos propostos na Semana Mundial como iniciativa, xa que os psicólogos e psicólogas dos centros de recoñecemento, ao ser o noso campo de actuación o factor humano, podemos incidir na prevención, na revisión dos valores da cultura viaria e na súa promoción, así como a información, renovación e motivación de toma de decisións máis seguras.

Animamos ás institucións a que prioricen este tipo de intervencións nos centros de recoñecemento a través dos e das profesionais da psicoloxía, que permite unha incidencia directa na totalidade do factor humano que manipula vehículos neste país, aproveitando o momento de obtención ou prórroga dos permisos de conducir.

Así mesmo, cómpre esixir as mesmas condicións psicofísicas a todos os usuarios e usuarias das vías, incluídas todas as alternativas de mobilidade sostible que tamén provocan incidentes e sinistros viarios; como os 273 accidentes con cinco vítimas

mortais debidos a vehículos de mobilidade persoal (datos da Memoria da Fiscalía de Seguridade Viaria de 2018).

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns

981 534 049 / 699 908 968

comunicacion@copgalicia.gal